

NIDIFICACIÓN DA PÍLLARA MONARCA
-BORRÊLHO PEQUENO DE COLEIRA-
(*Charadrius dubius*)
NAS MARXES DO RÍO LIMA
E NOTICIA DA SÚA FAUNA VERTEBRADA

Adicamos este traballo ó pai da
ornitoxía portuguesa, o profesor
J. R. dos Santos Júnior

por *ESTANISLAO FERNÁNDEZ DE LA CIGONA**
*XESÚS MORALES***



Fig. nº.1 - Adulto de Píllara monarca - Borrêlho pequeno de coleira- no seu niño á beira do río

* Do Centro de Estudos Regionais (CER) e das Sociedades Portuguesa e Española de Ornitología.

** Da Sociedad Española de Ornitología

INTRODUCCIÓN

O ornitólogo Agostinho Campos Ferreira na súa última carta dicíanos: «*O Charadrius dubius e o Charadrius alexandrinus* são duas espécies em relação as quais não há estudos específicos para além dos traballos do Prof. Santos Júnior, publicados na Cyanopica».

Realmente, son moi escasas as referencias sobre nidificación de aves limícolas na rexión do Minho. Concretamente Dos Santos Junior (1978-79) fala do aniñamento da Píllara papuda **-Borrêlho de coleira interrompida-** (*Charadrius alexandrinus*) na reserva ornitolóxica de Mindelo (Vila do Conde) e tamén en Fão (Esposende), mentres que un de nós, Fernández de la Cigoña (1985, 1992) relata o encontro de xoves recién nacidos na illa portuguesa da Ínsua (Foz do Miño) e na praia do Norte de Viana. Non existe, pola contra, ningunha referencia escrita sobre a nidificación da Píllara monarca **-Borrêlho pequeno de coleira-** en toda a rexión.

Segundo Luís et. al. (1988) é unha das aves limícolas nidificantes na ría de Aveiro, aínda que non aporta datos. Reis (1992), mantense nesa tesitura e recentemente (*in lit.*) me comunicou o achádego, no mes de xuño de 1987, de dous niños con ovos nun cordón dunar próximo a devandita zona húmida. Polo que a Galicia se refere non sabemos da súa cría en ningures e os escasos exemplares atopados durante a época apropiada en marismas e praias litorais non amosan sinais de emparellamento, xa que se moven en grupiños, as veces misturados con outros limícolos de similares características.

AS TERRAS DE ORIXE DESTAS AVES

Pensamos que as Píllaras monarcas do Lima naceron nas ribeiras do río e que a poboación debe estar asentada na zona dende hai moito tempo xa que como Noval (1975) di, «*demonstran unha grande fidelidade ó seu lugar de orixe*», volvendo a el ano tras ano, a pesar das adversas vicisitudes polas que poidan atravesar durante o período de cría.

Sen embargo, a maioría dos individuos desta especie que se atopa no outono-inverno ó longo da costa portuguesa trátase de aves migradoras e os poucos datos que manexamos, obtidos gracias ó anelamento científico, determinan os posibles países de nacemento. Así, na relación dada por Freire (1969) entre os anos 1966 e 1967 aparecen 3 exemplares anelados en Polonia, Suecia e Inglaterra. Con posterioridade Oliveira (1974) proporciona os datos de 3 novas capturas realizadas entre os anos 1969 e 1971, procedentes de Inglaterra, Finlandia e Holanda e por último Ferreira (1979-80) fálanos de 2 individuos que chegaron de Polonia e Inglaterra. Polo tanto, aves do norte europeo achéganse no outono-inverno ás costas portuguesas para atopar descanso e alimento, marchando na primavera a case totalidade, agás unhas poucas, as que se reproducen entre nós.

O total destes efectivos que ocupan focos, sapais, praias e marismas dende o Miño o Guadiana son máis ben escasos. Para o inverno de 1989, Rufino (1989) calculaba uns 2.518 exemplares en todo o Portugal continental.

AS DATAS

A primeira vez que vimos estas aves con sinais inequívocos de estar criando, foi o 27 de xuño de 1992, ás 14h locais, na marxe dereita do río Lima e uns 500 m por debaixo da ponte chamada Nossa Señora da Guía, nas proximidades da poboación de Ponte de Lima.

Tres días despois, o 30 de xuño, desprazabamonos a Ponte de Lima unha vez máis coa intención de estudia-los seus efectivos, realizando un reconto das parellas que se atopaban ó longo do río. Posteriormente o día 8 de xullo, percorrímo-lo tramo entre Bertianos e Torre. Durante estes tres días foinos imposible descubrir ningún niño. As aves mostraban unha conducta moi peculiar, distinta totalmente da que tiñán, por exemplo, na beiramar, onde o 4 de xullo miramoas na Praia de San Vicente (Ortigueira - Coruña) misturadas con outros limícolas e formando grupo. Aquí, no río Lima, sempre estaban emparelladas ou como máximo constituían tríos uniespecíficos que se perseguían, exhibían, pelexaban, cantaban e chiaban, con grande excitación. Cando voaban facían ostensiblemente, dando aleteos fortes, facéndose ver e notar, sinais evidentes todos eles de que estaban enceladas.

MÉTODO

Fixemos un percorrido das marxes do río Lima a pé, polos areais, ou en coche cando os camiños das beiras o permitían, concentrando a nosa atención nas grandes praias e illas de areas e croios. Nos pasos dificultosos botabamos unha piragua ó río, bogando ata 10 km ou máis. O río foi recorrido na súa totalidade portuguesa, dende a fronteira con Galicia, no Lindoso, ata a desembocadura no océano, por Viana. Necesitamos de 5 xornadas, que tiveron lugar durante os meses de xuño e xullo, e máis concretamente os días: 27 e 30 de xuño e 8, 16 e 25 de xullo. Sempre que se viron parellas con sinais de celo, consideráronse que aniñaban nas proximidades.

O ESPACIO XEOGRÁFICO

O traballo realizouse no río Lima, entre as fronteiras con Galicia, polo leste e Viana polo oeste, ó longo duns 75 km de curso fluvial. As Píllaras monarcas unicamente apareceron no tramo medio/baixo, concretamente entre Gándra e Lanheses.

PARELLAS CENSADAS

Ordenámo-los locais onde atopamos parellas querenciadas dende o curso alto ó baixo do río Lima.

Sân Martinho de Gandra:	3 parellas
São João da Ribeira:	2 parellas
Parte de enriba de Ponte de Lima:	4 parellas
Parte de baixo de Ponte de Lima:	6 - 8 parellas
Bertiandos:	7 parellas
Lanheses:	2 parellas
Total parellas nidificantes:	24 - 26 parellas




Fig.1 Nos círculos, lugares onde atopamos parellas de píllaras monarcas (*Charadrius dubius*) coa indicación da súa cantidade.

OS LÍMITES DA OCUPACIÓN

As Píllaras monarcas exténdense ó longo do río Lima, dende São Martinho de Gandra, polo leste, ata Lanheses, polo oeste, ó longo de algo máis de 20 km, asentándose nas praias e illotes de area grosa e pequenos croios que son moi abundantes neste tramo fluvial. Aínda que, ás veces, as praias son ocupadas para actividades de lecer (tomar baños), domésticas (lava-la roupa), industriais (sacas de area) ou agrícolas (tendidos de tubos e colocación de bombas para o rego das fincas), a súa mimética plumaxe fainas pasar moi desapercibidas. O maior risco que detectamos para a súa supervivencia radica na extracción masiva e incontrolada de

area, labor que se realiza con todo tipo de máquinas pesadas e que se fai intensa e permanentemente en calquera punto apropiado. Os grandes areais, onde se asentan os niños, chegan a desaparecer en poucas horas, sen embargo, as píl-laras continúan nas marxes ou nas zonas excavadas.

Sobrepasando São Martinho de Gandra, cara arriba, o río cambia de aspecto. As marxes de area desaparecen e son substituídas por rochas de granito. A vexetación chega con moita frecuencia á beira mesma do río. Este, como consecuencia do estreitamento da conca, adquire unha maior velocidade, precipitándose entre as pedras que lle cortan o paso. As características non deben se-las apropiadas, xa que non vimos ningún borrelho. De São Salvador de Torre para baixo, o río está sometido ó réxime de mareas, subindo ou baixando o nivel de acordo con elas, tendo, polo tanto, unhas marxes pouco estables. Pódense ver algunhas píl-laras, moi poucas, alimentándose ou descansando, pero non é frecuente. Estas variacións de altura no nivel non se dan no tramo medio/baixo (próximo a Ponte de Lima), no que os grandes areais se suceden ocupando enormes extensións que permanecen, salvo crecidas imprevistas, case iguais durante todo o verán ou en todo caso, aumentan de tamaño considerablemente ó desce-lo caudal do río por causa da seca. O ascenso das mareas atópase limitado ata algo máis arriba de Lanheses, xa que nesta localidade os areeiros contruíron unha barraxe de madeira para impedi-lo paso das augas salgadas, que abren cando a marea baixa e fechan cando sobe, xa que o sal devalúa o prezo da area que comercializan.

A VEXETACIÓN

Nos coirados dos ríos sempre é pobre. Aparece espallada, ás veces formando manchas, pero xeralmente espaciada. Na beira do río, moitas veces na mesma auga, crece a Herba pulgueira -**Erva pessegueira**- (*Polygonum lapathifolium*), que con frecuencia cobre de verde pálido algúns metros cadrados. De bastante maior tamaño resulta a Xuncia - **Junco**- (*Cyperus eragrostis*), que crece dun xeito máis apertado, xurdindo nas zonas máis húmidas e fértiles. Tamén o Salgueiriño -**Salgueirinha**- (*Lytrum salicaria*) destaca non só polo seu tamaño senón polas súas grandes flores vermellas, aparecendo case como un arbusto en medio da soedade. Aquí e alí vense algunhas herbas carmín -**Erva dos cancros**- (*Phitolaca americana*) que aínda non tiñan florecido. Abundante, xa no talude das marxes, crece o Poenxo -**Poejo**- (*Mentha pulegium*), que cubría algunhas zonas da pradeira onde se misturaba con outras moitas especies e impregnaban o aire dun agradable cheiro.

A PROBA QUE NECESITABAMOS

O traballo ficaba feito, os lugares localizados, as parellas censadas, as datas sinaladas, as pautas de comportamento explicadas, etc. sen embargo faltaba o esencial; atopar un niño como mostra fidedigna de que nas marxes do Lima criaban as píl-laras monarcas. Tódolos nosos esforzos tiñan fracasado polo momento, pois




Fig.nº.2 Xove de Píllara monarca - Borrêlho pequeno de coleira - agochado entre os crios do río. Nótese a súa coroa escura no alto da cabeza.

sabiamos que elas estaban criando, estabamos seguros diso, pero agochaban tan ben os niños que non dabamos con eles.

Na tarde do día 16 de xullo, trasladámonos, outra vez máis, a Ponte de Lima. Localizamos, case de inmediato, unha das parellas que se asentan uns 500 m por debaixo da ponte de Nossa Señora da Guía e seguimos tódalas súas evolucións a distancia, provistos de prismáticos. Pero as pequenas píllaras sabían moito. En canto nos viron, a pesar da distancia, tumbáronse na area como se estivesen chocando. Ò acercáronos, para ve-lo sitio, saían correndo, excitadas, chiando e facéndose notar, para inmediatamente, agacharse outra vez, en posición de choco. Aqueles “displays” viñeron a confirmarnos que alí, ou moi preto de alí, tiñan o niño agochado. Marcamos no terreo, mediante sucos feitos co pé, as zonas que explorabamos detalladamente para que non quedase nin un centímetro cadrado sen ollar. As píllaras puxéronse á nosa beira, intentando distrae-la nosa atención. Este labor levounos case 2 horas, pero o niño non aparecía. Ás 21 45 h locais, e xa co sol baixo o horizonte, sorprendemos, acurrunchados baixo uns pés de Herba pulgueira (*Polygonum lapathifolium*) que medraban case á beira do río, dous pitos. Cada un disimulábase

baixo a sombra dun exemplar diminuto. Eran, deste xeito, case invisibles. Estaban = quedos. Tocámoslos, collémolos... e seguían quedos, non movían nin unha á, non palpabrexaban sequera. Aquela forma de comportaréñse era a súa defensa máis eficaz ante os posibles inimigos: aplastarse sobre a area, xunto a unha herbiña que axudase a distorsiona-la súa figura entre luz e sombras, e confiar cegamente que a mimética plumaxe os confundise co chan claro-escuro de pedriñas soltas e area grosa das praias fluviais. Aqueles xeniais métodos que fixeron sobrevivir ás píllaras monarcas durante milleiros de anos non funcionaron esta vez. Fomos axiña en busca das cámaras fotográficas para obte-la proba que precisabamos e que convertía en realidade todo o noso traballo. Despois, con afecto e coidado, depositamos aquelas fráxiles criaturas nos mismísimos lugares que elas tiñan escollido e que previamente marcamos sobre o terreo. Os pais, pensando que levabamos con nós os seus fillos, seguíronnos a distancia, correndo polos areais, chiando e berrando insistentemente. Cando se percataron das nosas mans baldeiras, voltaron á beira do río a reunir-se cos diminutos **borrêlhos** que eles deron á vida e que tan agradables momentos proporcionaron a estes dous ornitólogos.

Aqueles pitos eran realmente noviños. Tiñan como moito algúns días, o que contradicía o que afirmaba Harrison (1977), que asegura que na Europa meridional o período de cría comenza en marzo, a non ser que como el mesmo suxire, repitan, o que alonxaría notablemente a súa presenza. Esta circunstancia, comprobar se realmente as píllaras monarcas do río Lima fan dúas postas nun ano quedará para outra ocasión. Agora, limitámonos a dá-la nova sobre a súa existencia.

En Galicia esta ave non ten nome propio. Tódalas especies similares coñécense sen distinción como píllaras, e nós puxémoslle a esta o adxectivo de “monarca” pola conspicua coroa negra que locen os pitiños sobre as súas cabezas cando son aínda pequenos e incapaces de voar.

OUTRAS AVES DO RÍO LIMA

Ó longo do río aparecen moitas especies de aves. Unhas están ligadas ás augas de maneira directa, outras ás masas arbóreas, ás pequenas vilas dos arredores ou ós campos de cultivo, etc. O efecto “borde” faise así moi patente, concentrando arredor das marxes a variadas especies.

AVES DETECTADAS Ó LONGO DO RÍO DURANTE O VERÁN

Todas estas aves son sedentarias ou migradoras estivais, polo que se consideran nidificantes das marxes do río ou zonas aledañas.

Nome galego	Nome portugués	<i>Nome científico</i>
Bubela ou Poupa	Poupa	<i>Upupa epops</i>
Martiño peixeiro	Pica peixe	<i>Alcedo athis</i>
Pombo	Pombo bravo	<i>Columba palumbus</i>

Rula	Rola brava	<i>Streptopelia turtur</i>
Merlo	Melro	<i>Turdus merula</i>
Azulenta	Negrinha	<i>Prunella modularis</i>
Lavandeira branca	Lavandisca	<i>Motacilla alba</i>
Lavandeira verdeal	Lavandisca amarela	<i>Motacilla flava</i>
Lavandeira de río	Lavandisca chinesa	<i>Motacilla cinerea</i>
Pintarroxo	Pintarroxo	<i>Acanthis cannabina</i>
Papuxa común	Papa amoras	<i>Sylvia communis</i>
Papuxa das amoras	Toutinegra	<i>Sylvia atricapilla</i>
Figaleirós	Papa figos real	<i>Oriolus oriolus</i>
Corvo común	Corvo	<i>Corvus corone</i>
Gaio	Gaio	<i>Garrulus glandarius</i>
Pega rabilonga	Pega	<i>Pica pica</i>
Andoriña común	Andorinha	<i>Hirundo rustica</i>
Andoriña cu branco	Andorinha cu branco	<i>Delichon urbica</i>
Andoriña das ribeiras	Andorinha das barreiras	<i>Riparia riparia</i>
Vencello	Ferreiro	<i>Apus apus</i>
Peto arnal	Picapau malhado	<i>Dendrocopos major</i>
Paporrubio	Pisco	<i>Erithacus rubecula</i>
Chasca	Chasco	<i>Saxicola rubetra</i>
Buitrón	Cariça do ar	<i>Cisticola juncidis</i>
Gorrión común	Pardal	<i>Passer domesticus</i>
Gorrión de monte	Pardal do monte	<i>Passer montanus</i>
Carrizo	Cariço	<i>Troglodytes troglodytes</i>
Estorninho negro	Estorninho	<i>Sturnus unicolor</i>
Xirín	Cerezino	<i>Serinus serinus</i>
Verderol	Verdelhão	<i>Chloris chloris</i>
Pimpín	Pimpalhão	<i>Fringilla coelebs</i>
Xílgaro	Pintassilgo	<i>Carduelis carduelis</i>
Paspallás	Codorniz	<i>Coturnix coturnix</i>

AVES MARIÑAS E DE RIBEIRA

Víronse algunhas gaivotas patiamarelas **-gaivota-** (*Larus cachinnans*) (adultos e xoves), así como gaivotas choronas **-Guincho-** (*Larus ridibundus*), que se fan máis abundantes no tramo inferior, de Lanheses para baixo, onde as augas son salobres. Preto de Bertíandos había pousado un carrán común **-andorinha do mar-** (*Sterna hirundo*), dúas garzas cincentas **-Garça real-** (*Ardea cinerea*) e un bilurico pativermello **-Perna vermelha-** (*Tringa totanus*). Fronte a São Salvador de Torre vimos un solitario bilurico bailón **-Maçarico das rochas-** (*Tringa hypoleucos*). Todas estas aves e aínda algunhas máis, tales como a gaivota escura, **-gaivota de asa escura-** (*Larus fuscus*), o mazarico real **-maçarico real-** (*Numenius arquata*) e o

carrán patinegro **-garajau-** (*Sterna sandvicensis*) son frecuentes na foz do lima. Como xa é característico nesta época estival, non aparecen nos tramos medios e altos do río moitas das aves ligadas ó mar ou á beiramar, que se fan, sen embargo comúns no outono-inverno.

ANFIBIOS

Común a ra verde (*Rana perezii*), que vimos e escoitamos con frecuencia, tanto ó longo da corrente principal como nas pozas que se formaban na cunca.

RÉPTILES

Moi frecuente, sobre todo en pozas marxinais, a cobra de auga (*Natrix maura*) da que vimos varios exemplares de curto tamaño.

PEIXES

Moitas anguías (*Anguilla anguilla*) nas pozas de fango. En São João de Ribeira, e debido a que o río baixaba con moi pouca auga, vimos en seco os “molhos”, croios de 1-2 kg que levan atado un aramio que cinguía uns ramos de eucalipto. Tendidos no leito do río, na época apropiada, as lampreas (*Petromyzon marinus*), buscan refuxio baixo as ramas, prendéndose coa súa boca redonda ás pedras, sendo así sorprendidas polos pescadores e apañadas con facilidade. Máis arriba en Touvedo, atravesando o río xurdían as pesqueiras, muros de pedra con pasos estreitos onde se colocan os butróns ou boitiróns, trampas de rede e madeira que cortan o paso destes e calquera outros peixes.

Polas augas saltaban constantemente as prateadas lisas **-taínha-** (*Mugil labrosus*), assustadas polos golpes dos remos. Os pescadores de cana da foz do río daban boa conta delas, capturando tamén unha especie moi parecida, o galupe, localmente chamado **musgo** (*Mugil auratus*).

Cun truel que levabamos preparado, collimos tres especies diferentes de peixes que quedaron aillados en pozas, desconectados da corrente principal, xa que como dixemos o río baixaba con moi pouca auga.

Estes peixes foron:

1º.- Boga vermelha (*Rutilus arcasii*). Moi común ó longo do río, onde é apañada polos pescadores de cana a pesar do seu pequeno tamaño.

2º.- Carpín (*Carassius auratus*), chamado localmente “**dourada**” polas súas cores amarelas con reflexos metálicos. Tamén moi frecuente.

3º.- Barbo común (*Barbus bocagei*). Acada notable tamaño. Pescado polos pescadores con rede, cana e taralla.

MAMÍFEROS

Víronse excrementos e pegadas na terra húmida de tres consumados cazadores: o tourón **-furão bravo-** (*Putorius putorius*), a martaraña **-fuina-** (*Martes foina*) e o

raposo (*Vulpes vulpes*), predadores potenciais das píllaras monarcas que crían nas beiras do Lima e contra os que non teñen, os xoves que aínda non voan, defensa ningunha.

AGRADECIMENTOS

Agostinho Campos Ferreira proporcionounos parte da bibliografía empregada e Álvaro Reis aportou algúns datos sobre a ría de Aveiro.

RESUME

Relátase a nidificación da píllara monarca **-borrêlho pequeno de coleira-** (*Charadrius dubius*) no norte de Portugal, dando conta dunha poboación dunhas 24 - 26 parellas asentadas nas marxes do río Lima, entre São Martinho de Gandra e Lanheses, nos termos municipais de Ponte de Lima e Viana e dase noticia da fauna vertebrada estival do río Lima na súa parte media e baixa.

RESUMO

Reláta-se a nidificação do borrêlho pequeno de coleira **-píllara monarca-** (*Charadrius dubius*) na rexión do Minho, onde se encontra uma povoação na qual residem entre 24 e 26 parellas, asentadas nas margens do río Lima entre São Martinho de Gandra e Lanheses, nos termos municipais de Ponte de Lima e Viana. Dase noticia, igualmente, da fauna vertebrada estival do río na súa parte media e baixa.

BIBLIOGRAFÍA CITADA NO TEXTO

FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, E. 1981. La importancia ornitológica del estuario del río Miño. *Cyanopica.*, vol. III, fasc. 3º.: 351-371.

FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA NÚÑEZ, E. 1992. Colonia de Píllara papuda **-Borrêlho-de-colheira-interrompida** (*Charadrius alexandrinus*) no porto de Viana do Castelo. *Estudos Regionais*, 10-11: 137-139.

FERREIRA, CAMPOS, A. 1979-89. Recapturas em Portugal de aves anilhadas no estrangeiro (1972-1974). *Cyanopica.*, vol. II, fasc. 2º.: 57-94.

FREIRE, O. 1969. Aves anilhadas no estrangeiro e capturadas em Portugal (1964, 1965 e 1966). *Cyanopica*, vol. I, fasc. 2º.: 93-132.

HARRISON, C. 1977. *Guía de Campo de los Nidos, Huevos y Polluelos de España y Europa*. Omega Edic. 482 pp. Barcelona.

LUÍS, A.; ARAUJO, A; NEVES, R & R. rufino. 1988. Limícolas da Ría de Aveiro. *1º. Congresso Nacional Qualidade Ambiental*. Vol. I. Universidade de Aveiro.

NOVAL, A. 1977. *Fauna Ibérica: pájaros de la costa*.

OLIVEIRA, NUNO, G. 1974. Recapturas em Portugal de aves anilhadas no estrangeiro (1968-1971). *Cyanopica*. 51-74.

- REIS, Á. 1992. Avifauna da Ría de Aveiro. *In press*.
- RUFINO, R. 1989. Contagens de aves acuáticas - Jan/Fev. 1989. *Cadernos do CEMPA* 22 pp. Lisboa.
- SANTOS (DOS) JÚNIOR, J. R. 1978-79. Breve nota sobre nidificação na Reserva Ornitológica de Mindelo (Vila do Conde). *Cyanopica*, vol. II, fasc. 1^o: 120.
- SANTOS (DOS) JÚNIOR, J. R. 1981. Um ninho de Borrêlho -*Charadrius alexandrinus*- na praia de Fão (Esposende). *Cyanopica*, vol. II, fasc. 4^o: 17-32.